



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E. 111

## ANUNCIO

Asto.: Declaración de deserto do lote B no procedemento aberto de contratación do suministro mediante arrendamento con opción de compra, de varios vehículos por lotes para a súa adscripción a varias delegacións de área do concello de Bueu.

Por resolución de Alcaldía de data 29.11.2013 resolveuse o seguinte:

### Antecedentes

1.- Por providencia de Alcaldía de 15.10.13 iniciouse o procedemento de contratación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, do suministro, mediante arrendamento con opción de compra de varios vehículos por lotes para a prestación de servizos do concello de Bueu, aprobándose o correspondente expediente de contratación, o gasto e os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e de prescripcións técnicas (PPT) mediante resolución de alcaldía de 23.10.13, publicándose o correspondente anuncio de licitación no Taboleiro de anuncios do concello, no Perfil do contratante e no B.O.P. de Pontevedra núm. 213 de 06.11.2013

2.- Mediante resolución de alcaldía de 29.10.2013 modificouse o prego de prescripcións técnicas alterando as dimensións mínimas dos vehículos que conforman o lote B publicándose o correspondente anuncio de modificación dos PPT no Taboleiro de anuncios do concello, no Perfil do contratante e no B.O.P. de Pontevedra núm. 217 de 12.11.2013. A citada modificación non supuso retroacción das actuacións realizadas no procedemento de contratación toda vez que os pregos publicados no perfil do contratante na data de publicación do anuncio de licitación no B.O.P. de Pontevedra núm. 213 de 06.11.2013 recollían a modificación operada pola resolución de alcaldía de 29.10.13

3.- Transcorrido o prazo de presentación de proposicións, nos termos sinalados na cláusula VIII.1 dos PCAP, concorre á licitación unha única empresa TRANSTEL, S.A., r.e. núm. 6820/13 de 21.11.13, tal e como queda constatado no informe do rexistro xeral do concello de 22.11.2013.

4.- En sesión celebrada con data 25.11.13 constituíuse a Mesa de contratación do suministro de referencia. Cualificada pola Mesa de contratación a documentación presentada polo licitador no sobre A na sesión de 25.11.13 e declarada formalmente admitida á licitación a proposición presentada por TRANSTEL, S.A. con r.e. núm. 6820/13 de 21.11.13, na sesión celebrada con data 27.11.13, procedeuse na mesma sesión á apertura do sobre B, constatando que TRANSTEL, S.A. só concorre á licitación polo suministro do vehículo comprendido no LOTE A consistente nun "camión con grúa" para o servizo municipal de "Obras"

### Consideracións legais e técnicas

1.- Arts. 151.3 e 170.1.c) do TRLCSP e cláusula IX.3.2º do PCAP

3.- Art. 53.2 e 54 da lei 30/92, de 26.11, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC).

Considerando os feitos relacionados no presente acto, en aplicación das consideracións legais e técnicas sinaladas no mesmo e no exercizo das atribucións recoñecidas na Disposición adicional 2ª do TRLCSP, pola presente RESOLVO:

1º.- Declarar deserto o procedemento aberto de contratación do suministro, mediante arrendamento con opción de compra, dos vehículos correspondentes ao LOTE B consistente en dous "turismos equipados" para o servizo municipal de "Policía Local", por non haberse presentado ningunha oferta durante o prazo de quince días naturais dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 213 de 06.11.2013

2º.- Convocar un novo procedemento aberto para a contratación do suministro, mediante arrendamento con opción de compra, de dous vehículos por lotes para o servizo da Policía Local



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

do concello de Bueu, por tramitación urxente, ordeando as seguintes modificacións nos PPT:

- Na cláusula 2.3 eliminar a seguinte obriga: *"Para aquelas ocasións, en que a reparación supere os 05 días, a empresa adxudicataria poñerá a disposición do Concello de Bueu, un vehículo de substitución de características similares ao vehículo en reparación, sen custo económico ningún para o concello."*
- Na cláusula 2.4 eliminar a seguinte obriga: *"En caso de que calquera vehículo obxecto deste concurso sexa declarado SINISTRO TOTAL, con informe pericial autorizado, en calquera mes, dentro do período total contratado, incluído prórrogas se as houberse, proverase ao Concello de Bueu dun vehículo de características idénticas (modelo e versión) de primeira matriculación que o substitúa, a indemnización polo sinistrado máis os seus restos, pasarán ao adxudicatario, e o concello seguirá co substituto, computándose os quilómetros deste, coma se se tratase do primeiro vehículo e sumando os quilómetros que tivese feito."*

3º.- Proceder á publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do concello

Bueu, a 29 de novembro de 2013

O Alcalde-Presidente

Asdo.: Félix Juncal Novas